ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA CATORCE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: **SR ALCALDE-PRESIDENTE:** JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do catorce de abril de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI,O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 18-02-16 RELATIVA Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AS OBRAS DENOMINADAS "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACÓN PÚBLICA DA AVDA. BERNARDO ROMERO".**.- Vista a proposta realizada pola Alcaldía á Xunta de Goberno Local en data 17 de febreiro de 2016 relacionada coa Orde do 28 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

Visto o proxecto das obras denominadas "Mellora de eficiencia enerxética da iluminación pública da Av. Bernardo Romero (Polg. Industrial Río do Pozo)", que determina a necesidade dunha reforma e renovación parcial da iluminación, xa que logo a existente está obsoleta, polo que non se acha á altura das esixencias funcionais, de eficiencia enerxética e de seguridade, de hoxe en día.

Visto que as devanditas obras teñen un importe de 51.278,35 euros, máis 10.768,45 euros correspondentes ao IVE, o que resulta un importe total de 62.046,80 euros.

Visto que nas bases reguladoras, no seu artigo 4, se establece que "con carácter xeral, a intensidade das axudas será dun 80% do importe total considerado como subvencionable e cun máximo de 120.000,00 euros por solicitude".

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria o día 18 de febreiro de 2016, no que se detectou un erro na parte resolutiva no que se refire ao cadro de financiamento na distribución do importe de axuda e da achega do Concello.

Por todo o exposto, e unha vez fiscalizado e tomada razón polo departamento de Intervención de Fondos con data 8 de abril deste ano, esta Alcaldía, no uso das facultades que lle ten atribuídas a lexislación vixente, vén en proponer:

Corrixir o acordo adoptado na Xunta de Goberno Local o día 18 de febreiro de 2016 quedando redactada a parte resolutiva do seguinte xeito:

"PRIMEIRO.- Solicitar a subvención para as obras denominadas "Mellora de eficiencia enerxética da iluminación pública da Av. Bernardo Romero", ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- Así, o cadro de financiamento provisorio, no caso de que se outorgase a subvención, distribuiríase do seguinte xeito:"

Importe da axuda (80% como máximo)	49.637,44 €
Achega do Concello de Narón	12.409,36 €
Importe total da obra	**62.046,80€**

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 **.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 18 -02-16 RELATIVO Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AS OBRAS DENOMINADAS " REFORZO DE RODADURA NA AVDA. DO MAR".**.- Vista a proposta realizada pola Alcaldía á Xunta de Goberno Local en data 17 de febreiro de 2016 relacionada coa Orde do 28 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.
Visto o proxecto das obras denominadas "Reforzo de rodadura na Av. Do Mar (Polígono Industrial Enseada da Gándara)", dada que a última intervención no firme do seu vieiro principal data do ano 2005, a capa de rodadura que nese ano se lle achegou, hoxe atópase en moi mal estado, polo uso propio da estrada así como das continuas intervencións para a instalación de distintas canalizacións, polo que é necesario proceder a execución destas obras.
Visto que as devanditas obras teñen un importe de 47.003,81 euros, máis 9.870,80 euros correspondentes ao IVE, o que resulta un importe total de 56.874,61 euros.
Visto que nas bases reguladoras, no seu artigo 4, se establece que "con carácter xeral, a intensidade das axudas será dun 80% do importe total considerado como subvencionable e cun máximo de 120.000,00 euros por solicitude."
Visto o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria o día 18 de febreiro de 2016, no que se detectou un erro na parte resolutiva no que se refire ao cadro de financiamento na distribución do importe de axuda e da achega do Concello.
Por todo o exposto, e unha vez fiscalizado e tomada razón polo departamento de Intervención de Fondos con data 8 de abril deste ano, esta Alcaldía no uso das facultades que lle ten atribuídas a lexislación vixente, vén en proponer:

Corrixir o acordo adoptado na Xunta de Goberno Local o día 18 de febreiro de 2016 quedando redactada a parte resolutiva do seguinte xeito:

"PRIMEIRO.- Solicitar a subvención para as obras denominadas "Reforzo de rodadura na Av. Do Mar (Polígono Industrial Ensenada da Gándara)", ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- Así, o cadro de financiamento provisorio, no caso de que se outorgase a subvención, distribuiríase do seguinte xeito:"

Importe da axuda (80% como máximo)	45.499,69 €
Achega do Concello de Narón	11.374,92 €
Importe total da obra	**56.874,61€**

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACOMETIDAS EXECUTADAS NA PARROQUIA DE SAN XIAO**.- Vista a proposta formulada que di asi:
A empresa COSMA SA, con CIF: A-15843246, presentou no rexistro de entrada deste Concello a relación de acometidas, **con solicitude e sen solicitude**, do rural, executadas na parroquia de San Xiao, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno:
Proponse á Xunta de Goberno Local a aprobación das liquidacións por acometidas do rural, con solicitude e sen solicitude, executadas na parroquia de San Xiao, presentadas pola empresa COSMA SA.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 **.- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE LIQUIDACIÓN CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2016 POR ENERXÍA A AXPO IBERIA, S.L.**.- Dase conta da seguinte resolución: **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**
BEGINBODY_ACUERDO
Vista la liquidación presentada por **AXPO IBERIA, S.L**., con **CIF.- B-83160994**, relativa a la **tasa por ocupación del suelo, subsuelo y vuelo de la vía pública** por **energía eléctrica** correspondiente al **1º TR/2016**, con una base imponible de 43.104,76 €., por aplicación del tipo impositivo del **1,5 %** le corresponde una tasa de **646,57 €**., y que desglosado queda de la siguiente forma:

CLIENTE	BASE	TASA
Dimodes, S.A.	388,62.- €	
Cementos Tudela Veguin, S.A.	37.175,03.- €	
Galiperfil, S.L.	5.541,11.- €	
TOTAL.:	**43.104,76.- €**	**646,57.- €**

Esta Alcaldía-Presidencia, **RESUELVE**:

PRIMERO.- **Aprobar la liquidación** de la tasa por ocupación del suelo, subsuelo y vuelo de la vía pública por **energía eléctrica** a Axpo Iberia, S.L., correspondiente al **1º TR/2016** por importe total de **646,57 €.**
SEGUNDO.- **Dar cuenta** de esta resolución de la alcaldía a la **Xunta de Goberno Local**, a los servicios económicos y al interesado a los efectos oportunos.
Narón, 06 de abril de 2016

Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)

A ALCALDESA ACCTAL. ***O SECRETARIO XERAL***
Asdo.- Marián Ferreiro Díaz ***Asdo.- Alfonso de Prado Fdez.-Canteli.***

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

6 **.- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE LIQUIDACIÓN CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2015 POR ELECTRICIDADE A VIESGO ENERGÍA S.L.**.- Dase conta da seguinte resolución:
RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA
BEGINBODY_ACUERDO
Vista la liquidación presentada por **VIESGO ENERGÍA, S.L**., con **CIF.- B-39540760**, a los efectos de liquidar la **tasa por ocupación del suelo, subsuelo y vuelo de la vía pública** por **electricidad** correspondiente al **4º TR/2015**, con una base imponible de 90.878,34 €., por aplicación del tipo impositivo del **1,5 %** le corresponde una tasa de **1.363,18 €.**
Esta Alcaldía-Presidencia, **RESUELVE**:
PRIMERO.- **Aprobar la liquidación** de la tasa por ocupación del suelo, subsuelo y vuelo de la vía pública por **electricidad** correspondiente al **4º TR/2015** a Viesgo Energía, S.L., por importe total de **1.363,18 €.**
SEGUNDO.- **Dar cuenta** de esta resolución de la alcaldía a la **Xunta de Goberno Local**, a los servicios económicos y al interesado a los efectos oportunos.

FÓRA DA ORDE DO DÍA e previa declaración de urxencia, de conformidade co art. 83 do R.D. 2568/1986 a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou incluí-lo seguinte asunto:

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS NO ANO 2014 A DIVERSAS ENTIDADES DEPORTIVAS..-
Vista a proposta formulada que di asi: O administrador-xerente, con data 8 de abril de 2016, ditou o informe proposta, que textualmente transcrito di:
"*De conformidad co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto formúlase o seguinte INFORME-PROPOSTA*
A) ANTECEDENTES
O Concello de Narón co obxecto de posibilitar un crecemento sostido e equilibrado das Entidades Deportivas do municipio, e lograr deste xeito un crecemento e estrutura axeitados ós niveis de competición de cada disciplina deportiva, pretende financiar con cargo ós orzamentos públicos unha parte dos recursos económicos necesarios para levar a cabo dito crecemento, potenciando e difundindo a imaxe do noso Concello a través de ditas Entidades.
B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).*

- *RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.*
- *Lei 30/1992, de réxime xurídico e procedemento administrativo común.*
- *Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.*
- *R.D. 887/2006 de 21 de xullo, que aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.*
- *Lei 9/2007 de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.*
- *Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o regulamento da Lei 9/2007.*
- *Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de Subvencións de Entidades Deportivas de Narón.*
- *Bases de execución do orzamento en curso.*

C) INFORME-PROPOSTA

Unha vez revisadas as documentacións presentadas polos clubs e entidades deportivas como xustificación das subvencións concedidas no ano 2014 e logo de ver o informe emitido polo Administrador-Xerente do Servizo de Deportes acerca da xustificación das subvencións concedidas aos Clubs no ano 2014.

Visto que a documentación presentada polos Clubs e Entidades Deportivas, cumpre co esixido nas Bases da Convocatoria de Subvencións aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 29 de abril de 2010, cuxo baremo foi modificado e aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 19 de abril de 2012 e publicadas no BOP o día 19 de xuño de 2014

En base o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar a xustificación das subvencións concedidas no ano 2014 ás entidades que se relacionan de seguido, polas cantidades que se sinalan:

ENTIDADE	*CIF*	*SUBVENCIÓN*	*XUSTIFICADO*
01 - A.D. MOTO CLUB FOJETEIROS	*G-15998537*	*1.609,49*	*1.812,58*
02 - PIKATE RACING	*G-70139134*	*1.388,11*	*2.147,39*
03 - S. DE PESCA DEP. RIO XUVIA	*G-15796816*	*261,76*	*940,00*
04 - S.D.R.E C. O FREIXO	*G-15395791*	*3.514,62*	*4.307,99*
05 - ESCOLA DE KÁRATE A GÁNDARA	*G-15640840*	*571,89*	*810,00*
06 - SOCIEDAD CAZA E PESCA XUVIA	*G-15120504*	*1.415,30*	*5.365,86*
07 - FÚTBOL SALA NARÓN	*G-15453467*	*818,23*	*877,00*
08 - CIRCULO XADREZ NARÓN	*G-15227556*	*1.416,90*	*1.437,00*
09 - SAN MATEO CLUB DE FÚTBOL	*G-15251564*	*4.708,34*	*7.940,87*
10 - CLUB DEPORTIVO A SOLAINA	*G-15499536*	*1.976,88*	*1.988,30*
11 - CLUB CAZADORES A FAÍSCA	*G-15625445*	*3.504,15*	*4.678,50*
12 - BOXIN NARÓN	*G-70015912*	*277,66*	*291,57*
13 - POMBAS MENSAXEIRAS	*G-15816598*	*787,30*	*876,05*
14 - S.C.R.D.SCALEXTRIC FERROLTERRA	*G-15648017*	*1.480,99*	*3.907,56*
15 - CLUB NARÓN TENIS DE MESA	*G-15208861*	*2.476,04*	*2.525,84*
16 - ESCOLA DE KÁRATE A SOLAINA	*G-70190699*	*452,95*	*834,00*

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno."

Logo de ver que a Intervención Xeral, fiscalizou de conformidade o Informe Proposta do administrador-xerente, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía , de data 2 de xullo de 2015

PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

<u>VOTACIÓN E ACORDO.-</u> A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7º.- <u>ROGOS E PREGUNTAS</u>

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE	O SECRETARIO XERAL
Asdo.- JOSE M. BLANCO SUÁREZ	Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI